

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 3, 7b-15

Naquel tempo, díxolle Xesús a Nicodemo:

– «É necesario que vós nazades de novo. O vento sopra onde quere e ti séntelo zoar pero non sabes de onde vén nin para onde vai. Así pasa con todo aquel que naceu do Espírito.»

Replicoulle Nicodemo:

– «¿Como pode acontecer isto?»

Respondeulle Xesús:

– «¿Ti es mestre de Israel e non o sabes? Con toda verdade cho aseguro: falamos do que coñecemos e testemuñamos o que vimos, pero vós non aceptades o noso testemuño. Se dicíndovos cousas terreas, non credes, ¿como iades crer dicíndovos cousas celestiais? E ninguén subiu ó ceo, fóra do que baixou do ceo, o Fillo do Home.

Coma Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel, teña vida eterna.»